



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Costureiras e xastres de Deus

Feliz ano novo, amigas e amigos que ledes esta Crónica de Igrexa! Que teñamos a humildade, a ousadía e o gozo de facelo algo positivamente novo en algo polo menos. Cunha ollada realista e construtiva podemos dicir que hai moito roto e descosido entre persoas, grupos sociais e pobos, que está agardando polas nosas habilidosas mans, amigas de facer ganduxos, cosidos e mesmo bordados. En fin, que ao lado de quen sabiamente nos dicía que non se pode remendar un traxe vello cun pano novo, porque sería peor o remedio do que a enfermidade —e canto podemos aprender deste dito sapiencial!—, ao seu carón, digo, podíamos poñer as costureiras e «costureiros», que paciente-mente se dedican a reparar tecidos, a refacelos e reconstruílos,

para que poidan seguir prestando o seu apreciado servizo. Costureiras e «costureiros» ou xastres, logo, será un bo oficio para este ano que empeza, en tempos nos que desde ámbitos tan diferentes nos empeñamos por alongar as rupturas e facer case innegociable a convivencia do diferente. Costureiras e costureiros ou xastres, logo, ao servizo dun Deus de sempre empeñado en refacer e recompoñer o que os humanos nos empeñamos teimudamente en estragar.

1.- O ano que nos agarda

Entrando un pouco no que temos por diante, saénnos ao paso dúas realidades. Unha ten que ver coa nosa situación española. Cando isto escribimos, acábase de constituír o novo goberno de coalición entre PSOE e Unidas Podemos. Deplorables

en bastantes momentos foron as intervencións dos nosos políticos, eles e elas, nos debates parlamentarios previos; algo polo que sentir case vergoña allea. Negarlle o caldo e as codias ao contrario, sen buscar case nunca o que en principio sería a principal razón do seu traballo: acadar que o país puidese ter goberno, facilitalo, sen renunciar aos labores específicos de acción e de control que a cada grupo lle poida corresponder. Un aplauso ao meu ver, e podo equivocarme, ao representante do PNV, Aitor Esteban, que puxo intelixencia, sensatez, ideas, humor e boas formas no medio de tanta barafunda.

Os ánimos estiveron crispados e seguen moi crispados, dentro e fóra do parlamento, e cos ánimos a intención de dinamitar canto antes unha acción de goberno, para que dure o menos posible, para que volvamos ás andadas. Esperemos que as augas amainen, como amainaron as treboadas que nos asolagaron durante case dous meses. Esperemos que o Goberno se mova con firmeza e temperanza, afrontando as dúas grandes cuestións que temos enriba da mesa: a configuración

territorial de España e a ruptura social, cunhas desigualdades que, se non se intervén, cada vez experimentará máis a xente máis nova e fráxil con recursos económicos frouxos e intermitentes.

Chámannos a atención –e non os silencios e reticencias eclesiásticas cara ao novo goberno, nalgún caso, como é o do cardeal Antonio Cañizares solicitando súplicas porque «estamos ante unha grave situación de emerxencia», ou a do arcebispo Sanz rezando á Santina para que salve a España; e non porque rezar con xeito sexa malo e non haxa cuestións moi serias enriba da mesa política, que as hai, senón porque o goberno estea formado polo PSOE e Unidas Podemos. Ben é certo que o Grupo Federal de Cristiáns polo socialismo e o Círculo Podemos de Espiritualidade, e con eles moitísima máis xente cristiá, saúdan con esperanza algo que, aínda con moitas dúbidas, ven como unha posibilidade real de abrir camiños no punto cego no que estabamos metidos. Moi prudentemente así o consideramos tamén, e máis que augurar fracasos, ansiamos acertos que traian calma e sensatez.

Cumpría terlles regalado por Reis aos nosos políticos o que foi a mensaxe do Papa Francisco para o ano 2019, que leva por título «*A boa política está ao servizo da paz*», no que oferta reflexións atinadas sobre os comportamentos políticos. Recolle o Papa estas «benaventuranzas do político» do cardeal vietnamita Francisco Xavier Nguyễn Văn Thuận, morto no ano 2002, que reproducimos con gusto:

«Benaventurado o político que ten unha alta consideración e unha profunda conciencia do seu papel.

Benaventurado o político se é persoa que reflicte credibilidade.

Benaventurado o político que traballa polo ben común e non polo seu propio interese.

Benaventurado o político que permanece fielmente coherente.

Benaventurado o político que realiza a unidade.

Benaventurado o político que está comprometido en levar a cabo un cambio radical.

Benaventurado o político que sabe escoitar.

Benaventurado o político que non ten medo».

E a segunda realidade que nos agarda é internacional e xa

de longo percorrido. O mundo débatese entre un afán louco de acumular beneficios e riquezas por parte de pequenos sectores do capital, cada vez máis concentrados en poucas mans, e unha inmensa maioría que golpe a golpe experimenta a crueza de estar sometido a eses afáns malditos e ve como esa diferenzas nos medios e calidade de vida se incrementan. É o neoliberalismo militante que cada vez condiciona e afoga máis a voz democrática, poñéndoa ao servizo dos seus intereses. É a economía que mata. É a economía que opta polo medo como forma de resolver o presente e o futuro. É o poder económico que inviste en armamento atómico e non atómico e non en remediar pobreza. É a economía que non quere saber nada do coidado da Casa Común, e que no COP25 de Madrid bloqueou posibles cambios de estratexia. É a economía que desestabiliza países e rexións cando as cousas non van ao seu gusto. É a economía que controla medios de comunicación e pinta as cousas coas cores que lle convén.

De todo isto fala o Papa con frecuencia con sinxeleza, claridade e valentía. Fíxoo ultima-

mente durante a súa visita ao Xapón, fíxoo na rolda de prensa no avión na viaxe de volta, fíxoo de novo na mensaxe para a Xornada Mundial da Paz para este ano 2020, titulada «*A paz como camiño de esperanza: diálogo, reconciliación e conversión ecolóxica*». De todo isto sabe moi pouco o presidente Trump, que acendeu lumes incontrolables, co asasinato preventivo do xeneral iraniano Qasen Soleimani, alegando supostos plans destrutivos do tal señor, dos que non ofrece proba algunha, e que soan a mentira como a das armas de destrución masiva que hai anos valeu para desatar a guerra de Iraq.

Non é doado repoñerse a estas dinámicas de poder, porque no fondo enganchan co mesmo afán de poder que todos os humanos levamos dentro de nós. Atráenos máis un farfallán que alimente os nosos soños de acumular ou de defender o acumulado ca non unha persoa sensata que nos propoña a necesidade de controlar o crecemento para que a todo o mundo chegue o que é de todo o mundo.

Con todo isto teremos que nos ver como crentes neste ano

que empeza. Apostamos por achegarnos a quen, a pesar de todo, cre nun mundo fraterno, cre en métodos xustos de resolver os conflitos, cre na renuncia, no sacrificio, na cruz como maneira de posibilitar algo novo, cre nas pequenas sementes que alentán esperanzas sólidas para un futuro que ansiamos máis humano e por iso máis divino tamén.

2.- Cando Francisco evoca a Francisco

Desde o momento en que hai xa seis anos o Papa aceptou ser Papa, desde aquela Francisco, o de Asís, foi un humilde e sólido referente da palabra, da vida, dos feitos do novo Papa tamén Francisco. Cítao coa linguaxe da vida en moitos momentos, pero o día 1 de decembro, cando empezaba o Advento, ofreceunos unha sinxela, preciosa e familiar carta apostólica sobre do *O fermoso signo do presebe* ou «belén» co que moitos adoitamos adobiar os espazos familiares e aínda públicos, para así encheos dunha mensaxe cristiá elemental, porque «a representación do acontecemento do nacemento de Xesús equivale

a anunciar o misterio da encarnación do Fillo de Deus con sinxeleza e ledicia. Pois o belén é coma un Evanxeo vivo, que xorde das páxinas das Sagradas Escrituras» (n. 1).

Remítese ao relato do Evanxalista Lucas e tamén ao momento no que Francisco de Asís, no inverno do 1223, lle solicita ao labrego Xoán que na corte do seu gando represente o que puido ter sido o nacemento de Xesús. Así o fixo, e frades e labregos/as puideron festexar un Nadal vivo que os emocionou e aledou. Na mesma corte celebraron logo a Eucaristía. E mesmo houbo alguén –disque, e non era para menos–, que puido ver ou soñar a presenza do neno Xesús deitado naquel presebe. E logo o Papa vainos explicando con naturalidade e fondura o significado dos diferentes elementos cos quen onte e hoxe adoitamos completar os nosos beléns.

O Papa invítanos a ser creativos na súa construción. Por Galicia adiante temos moitísimas mostras de beléns entrañables, desde o xa ben tradicional e popular Belén de Begonte, en Lugo, creación e sostemento

dos cregos irmáns Xosé e Xesús Domínguez Guizán e outras persoas como colaboradoras imprescindibles, ata o máis esvelto e decorativo da igrexa de Santa Marta de Ortigueira, obra no 1924 do egrexio pintor, pioneiro do deseño galego e escenógrafo ferrolán e galeguista Camilo Díaz Baliño, pai de Isaac Díaz Pardo, que logo no 36 sería «cuneteado» polas tropas franquistas en Palas de Rei, onde aínda xace ignorado.

Hai beléns para todos os gustos: beléns realistas que intentan recrear o ambiente daquela época; beléns viventes que con persoas reais de hoxe nos volven a tempos pasados; beléns reivindicativos, que recrean e actualizan o aspecto provocativo, escandaloso, subversivo do nacemento de Xesús, para que o seu significado non se perda no medio de simulacións bucólicas; e mesmo beléns de «broma», no que se dá entrada a todo tipo de realismo social do momento, con aires de carnaval andaluz.

En fin, pensamos que o escrito do Papa pode ser un bo material para enriquecer unha práctica popular que algo está

decaendo e que en moitas ocasións queda reducido a un obxecto decorativo intranscendente.

3.- A graza de ter unha persoa pobre por amiga

Con ocasión da celebración do día mundial da pobreza, o 17 de novembro, o Papa escribiu unha mensaxe, celebrou a Eucaristía e logo tivo un xantar fraterno nun salón do Vaticano cunhas 15.000 persoas empobrecidas. Todo digno de ser cordialmente reconsiderado. O que máis nos chegou ao corazón e ao ánimo foi aquela pregunta que o Papa fixo dentro da homilía da misa: «Eu, cristián, teño polo menos un pobre como amigo?». Pois qué importante acaba sendo para o propio pensamento, sensibilidade e acción o grupo de persoas que me rodean, que compartan a miña mesa, a miña amizade, os meus tempos libres! É doado falar de pobreza; é doado mesmo ter algún contacto ocasional de servizo cara á xente empobrecida; é doado compartir algún diñeiro, algún ben material. Pero non hai nada como ser amiga ou amigo dunha persoa empobre-

cida. Para ben da propia persoa empobrecida e para ben dun mesmo. Para derrubar ideas, ideoloxías civís ou relixiosas estériles, para percibir o inmenso ben que nos pode facer unha persoa empobrecida que rompe con tantas seguridades fantasiosas, para poñernos ao descuberto, á intemperie da vida e de Deus, para alentarnos a respostas nas que se implique o peto, o corazón e a intelixencia.

Eu coñezo, e téño ben preto de min, a algún cura amigo de xente empobrecida ata o punto de compartir casa, comida, coche, tempo, durmidas e insomnios con persoas insignificantes. Ao meu modo de ver, é o mellor testemuño sacerdotal que podó contemplar. Máis aló de ser o cura home ou muller, este comportamento é o que verdadeiramente o irmanda e identifica con Xesús de Nazaret e coa súa obra liberadora. Coñezo tamén monxas, e téñoas ben preto de min, que gozan compartindo vida, gozos e pesares con xente ben empobrecida, que participan nas horas de penas e nas mesas festivas das casas da xente empobrecida, e que se fan acompañar por esas mesmas persoas sempre que organizan

algún festexo. Xente que pode dicir que ten xente amiga entre as persoas empobrecidas. E tamén coñezo xente do común que fai cousas semellantes. Eu mesmo, alentado por tantas testemuñas, ando algo nesas coa miña familia, con ganas de ir a máis. Que bendición!

Na mesma liña podemos admirar a esas diferentes parroquias –sei de algunhas de Madrid e doutras cidades, por aquí eu non coñezo ningunha– que están dando o paso a se converter, polo menos por días e horas, en lugar de estancia de xente sen fogar, sen comida, sen amparo, sexa xente estranxeira ou non. Hai maior ennobrecemento dun templo ca convertelo, cando cómpre, en refuxio de xente empobrecida para podela atender? O Cristo dobremente sacramental enchendo o templo: no pan eucarístico e no corpo das persoas empobrecidas! Ben levado, ben vivido, que bendición máis grande para as comunidades cristiás que se empeñan niso!

Non sei que vos pode parecer, pero coido que, se todas as persoas tivéssemos aínda que só fose un amigo ou amiga pobre,

pero amigo ou amiga de verdade, o mundo sería outro; se todas as persoas crentes tivéssemos un amigo ou amiga pobre, moi outra había ser a Igrexa.

4.- Profanacións e desagravios

Na noite do 6 ao 7 de decembro alguén entrou na igrexa parroquial de Ponte de Outeiro na Terra Cha luguesa, remexeu canto puido na busca de cartos ou cousas de valor e finalmente largouse levando consigo algunhas cousas miúdas e algunhas lambetadas (caramelos, bombóns), que por alí estaban para agasallar aos picariños. Ademais abriron o Sagrario e levaron as partículas consagradas, posiblemente para as comer coas lambetadas. Non se viron detalles que falasen de desprezo manifesto ao relixioso. Cousa neste caso, parece, máis dunha persoa inconsciente e toleirana ca dun sacrílego confeso. É frecuente o roubo en igrexas con fins crematísticos; poucos días antes nunha parroquia de Lalín sucedera algo semellante neste caso con desprezo ás partículas consagradas. Nos dous casos, Lalín e Terra Cha, os responsables eclesiásticos decidiron

convocar á freguesía para unha misa de reparación e desagravio. Na Ponte de Outeiro a veciñanza sumouse interesada, pois consideraba o acto como unha inxuria e unha deshonra por Deus e pola mesma comunidade parroquial.

Estivo ben, todo o que leve ao respecto máximo o Sacramento de quen por nós deu corpo e sangue, a vida enteira, é sempre positivo. De todas as maneiras, coñecendo como coñecemos nos medios rurais as persoas que supostamente –nunca hai seguridade absoluta– se dedican a facer tales cousas, e coñecendo tamén o ser de Xesús, o seu Fillo entre nós, sempre máis preocupado polos máis do que por si mesmo –«o fillo do Home ... veu para entregar a súa vida en rescate por todo o mundo» (Lc 10, 45)–, seguro que Xesús cortés e agradecidamente convertería o desagravio a el nun acto de preocupación por esa xente nova, frecuentemente desnortada, que anda rapinando por onde pode para satisfacer necesidades ou caprichos, sen imaxinar sequera que aquelas partículas que come con esmorga é o gran sinal dun Deus que tolea por eles. Dáme

que Xesús, tan afeito sempre a rebentar situacións e a revirar as cousas para que quede en evidencia o central –a vida dos fillos e fillas de Deus–, algo había facer que reorientase as nosas rabias e pesares.

E, postos a facer desagravios, cumprido o do desprezo polo sacramento eucarístico, invitaríanos el mesmo a facer outros polo desprezo da súa imaxe viva, manifesta nos mesmos rapaces que fixeron graza á conta del e por unha longa ringleira das súas representantes entre nós: as criaturas afogadas nas augas mediterráneas, as criaturas que van nacer e non nacen, as criaturas mal criadas e os pais e nais que así os educan, as criaturas obxecto de trata carnal incluso por parte do mesmo clero, as criaturas vítimas de guerras e fames e carentes de menciñas e agarimos, as criaturas que sofren rupturas familiares, as criaturas amortuxadas de tanto ter ..., por só nos referir a esa idade da vida. Seguro que nos desagravios de Lalín e da Terra Cha Xesús abriu os ollos e o corazón de quen llos ofrecía, para poder desagravialo desagraviando as persoas máis fráxiles e abusadas deste mundo. Bendito sexa

o Santísimo Sacramento do altar, e bendito sexa o Santísimo Sacramento da xente empobrecida de Deus!

5.- Relixión e política, política e relixión

É un asunto de longo recorrido histórico, que Xesús coidou resolver con aquel «dádelle ao César o do César, e a Deus o de Deus», pero que, ou ben porque a frase, como moitas outras de Xesús, non é para usala como receita, senón como sinais que orientan o camiño, ou porque á xente vainos máis o enredo do que a clarificación, o certo é que onte e hoxe seguimos tropezando na mesma pedra e gustamos mesturar as cousas da política e da relixión de forma desaxeitada. Na nosa historia máis recente está como exemplo o nacionalcatolicismo, que facía un xuntoiro insultante entre a relixión católica e a política do réxime. Chámanos tamén a atención o uso recente que algúns partidos ou gobernos políticos de dereita extrema están facendo do feito relixioso: Trump (EE.UU.), Bolsonaro (Brasil), Jeanine Áñez (Bolivia), Vox entre nós etc., sempre intentando

identificar a causa relixiosa coa súa propia causa, poñéndoa ao servizo dos seus intereses de partido. Igual somos inxenuos pensando que o fan porque cren que as cousas son así como eles as din: Deus é un Deus de orde e de poder; o éxito, o diñeiro é o premio de Deus para quen o defende; os costumes relixiosos tradicionais son incuestionables; a pretensión de igualación entre as clases sociais non é o que Deus quere; a Deus conténtaselle máis co mantemento de prácticas relixiosas de corte sociolóxico que coa defensa dunha vida digna para todo o mundo, e en especial para a xente máis vulnerable; a propia nación é o primeiro sempre, caia quen caia; certas reivindicacións civís como o feminismo ou a homosexualidade con todas as súas consecuencias son cousas do demo; o mesmo aborto, que pode ser posto en cuestión desde algunhas perspectivas, entra neste paquete de convencementos utilitarios. Coas súas políticas cren defender a causa de Deus, o reinado de Deus, pero fano en realidade?

O Papa baixa a este terreo con frecuencia con orientacións ben precisas, axudándo-

nos a clarificar cousas, a que entendamos onde si e onde non sería Deus glorificado. Pero entre nós ás veces parece que hai certa señardade compracente por parte dalgúns representantes da Igrexa con esas mensaxes, certificada co silencio, ou incluso en bastantes casos con manifestacións expresas na súa defensa. Exemplo diso foron as palabras despectivas dun crego da diocese de Santiago, de forma e fondo moi tradicionalista e rancio, insultando ás feministas como «*cerdas*», e aos votantes do BNG como «*gilipollas*» (votantes do BNG que no concello de Zas, o seu, son sobrada maioría absoluta). Deseguida a obrigada desculpa por parte de cura e arcebispo recoñecendo que foran palabras desafortunadas. É o tópico de sempre. Pero iso non pon as cousas no seu sitio.

A Igrexa ten criterios, que un consideraba xa ben asimilados, para establecer unha coadjuvante relación entre relixión e política: que o traballo político é algo bo e necesario; que todo grupo político é respectable, sempre e cando respecte os criterios humanitarios e legais establecidos; que o noso norte é o Evanxeo de Xesús; que para

abordar a complexidade da vida dispoñemos dunha doutrina social moi traballada e precisa, que cuestiona seriamente a inhumanidade do funcionamento capitalista actual; que a defensa da dignidade da xente empobrecida con calquera clase de pobreza conforma o ADN da identidade cristiá; que ningún representante público da Igrexa (bispo, cura, abade, prior...) debe aliñarse publicamente cunha militancia política concreta, agás en situacións extremas; que é grande a tentación de substituír criterios evanxélicos por criterios partidistas; que quen non se sinta capaz de superar esa tentación non vale para atender unha comunidade cristiá plural; que a formación de quen poida acceder a algún deses cargos debe ser moi seria con estes criterios, e, ao que se ve, parece non o estar sendo. Podémonos imaxinar a eficacia pastoral dun cura que aldraxe publicamente os 2/3 da súa freguesía chamándoos «*gilipollas*» e as feministas do lugar tratándoas de «*cerdas*»?

6.- Vaia polas ánimas!

Sempre nos chamou a atención a igrexa ou capela de Áni-

mas nas Casas Reais de Santiago de Compostela. Aquela fachada neoclásica contundente con aquel alto releve no centro representando nove ánimas sufrindo no purgatorio (dous homes e sete mulleres, sete!). A súa construción foi promovida pola Confraría Xeral de Ánimas da cidade e inaugurouse no 1788. Ideouna o arquitecto Miguel Ferro Caaveiro. A igrexa transmite un aquel de graza e de misterio especial. E quixemos entrar nel.

Por dentro mantén a mesma contundencia que a define por fóra: paredes e bóvedas recias, firmes. Suavizada iso si, polos corredores laterais que primitivamente permitían deambular polas tres capelas laterais (un feito moi orixinal), e polo paso superior que circunda a obra; pero sobre todo pola extraordinaria mostra escultórica que se desenvolve na Igrexa: oito amplas e realistas escenas en alto releve policromado de diferentes momentos da Paixón de Cristo, catro a cada lado nos laterais, e no altar maior a escena solemne da crucifixión, froito todo ilo do enxeño e da man dos irmáns Melchor e Manuel de Prado Mariño; esta maneira neoclásica

de cubrir os espazos dos retablos laterais e tamén do maior rompe cos modelos aos que nos ten acostumado o neoclásico galego. E todo queda redondeado tamén polos murais do presbiterio (Santa Cea e Lavatorio dos pés) de Plácido Fernández. Escultura e pintura ao servizo do agradecemento, loanza e exaltación do Santo Cristo da Misericordia que os confrades de Ánimas querían ofrecer como garantía da liberación destas.

Se isto nos conmove, tamén o fai, aínda que doutra maneira, os complementos cos que a xente de a pé quixo adobiar semellante escenario. Nas balaustradas que hoxe pechan o acceso a cada capeliña lateral a devoción popular foino enchendo todo cos seus santos e santas e devocións preferidas ante as necesidades da vida; e así, de forma case excesiva, vanse sucedendo imaxes, velas, petos, invocacións dedicadas a Santa Rita, Santo Antonio, San Mauro, Sagrado Corazón, San Pancracio, San Nicolás, San Xudas Tadeo, Virxe de Fátima, Inmaculada, San Roque, San Ramón, Virxe do Carme, San Brais, Santa Lucía, Nosa Señora dos Remedios. Todo un autoservizo da piedade

popular. De primeiras case nos molestaba a cousa, pero logo, matinando e sentindo, decatámonos de que a concorrencia de ambas as dúas realidades (paixón ata o infinito de Xesús o Cristo polo ben da humanidade e carencia e fragilidade humana) están aí para compenetrarse e purificarse mutuamente: As afirmacións doutrinais e as súas representacións escultóricas, por exactas que sexan, de nada valen se non saen da rixidez do templo, baixan á rúa e intiman cos gozos e penas de xente. (O pequeno pórtico interior e tamén o pequeno adro exterior que dá acceso ao templo están ocupados con frecuencia por persoas pobres e mesmo adictas coas súas particulares historias dramáticas, que alternan este espazo cos soportais da próxima praza de Cervantes). E, por outra banda, a piedade popular, por abundante e pintoresca e sentida que sexa, de pouco vale se non se embebe na vizosa realidade dun Deus todo para nós, que mesmo se adianta ás nosas demandas, e que se pon ao noso lado para lles buscar solucións axeitadas.

Á sombra da militancia firme e amorosa de Xesús de Naza-

ret, o Cristo da Misericordia, podemos poñer tranquilamente as nosas «ánimas» mentres vivimos e cando morremos. Non estamos, non, nas mans dun Deus sádico, que se ennobrezca co sufrimento alleo. Saín da igrexa agradecido, confortado e animado polo Cristo que a habita e ilumina e pola xente que a humaniza. Vaia polas ánimas!

7.- Nomes, citas, esperanzas e incertezas

O novo Nuncio en España, Bernardito Auza, empezou xa a exercer como tal desde a súa incorporación á nunciatura o 4 de decembro. Importante traballo o que ten por diante. A súa tarefa parece ser gañar a Igrexa española para unha maior fidelidade á Boa Nova de Xesús, o Cristo, ofrecendo para iso as formas de presenza eclesial que promove o Papa Francisco, que entre nós atopa abondas e coñecidas reticencias. Tamén del depende moito a elección dos candidatos a bispo e as promocións dos mesmos, feitos ambos sempre moi significativos. Oxalá atine.

Xoán Antonio Guerrero é outro nome de importancia. Xesuíta español, vén de ser nomeado

polo Papa Prefecto da Secretaría para a Economía da Santa Sede, en substitución do cardeal George Pell, o australiano en prisión aínda provisional por supostos delitos de pederastia, que el segue negando. Importante a aposta, porque a economía do Vaticano segue a dar desacougantes mostras de escuridade, e importante tamén o xeito de facelo, porque o novo Prefecto non será creado arcebispo, como era o costume, senón que exercerá o seu cargo como simple xesuíta, e, cando acabe o tempo do seu servizo, seguirá sendo o que sempre foi. Oxalá se xeneralizase este sistema, polo que apostou Arturo Sosa, o superior xeral da Compañía de Xesús, de acordo co propio interesado.

O filipino Luís Antonio Tagle, 62 anos, foi nomeado polo Papa Prefecto da Congregación para a Evanxelización dos Pobos substituíndo ao cardeal Filoni. Un nomeamento importante porque na tan agardada reorganización da curia romana este «ministerio» parece que terá unha moi ampla función. Os rumores do entorno vaticano sitúano como unha peza clave no novo funcionamento da Curia e, quen sabe, nun sinalado cardeal papable.

Atentos á próxima publicación da Constitución *Praedicate Evangelium*, que nos ofrecerá o novo estatuto da curia vaticana. Como tamén debemos estar atentos, iso parece, á publicación entre nós do libro *—Quen é o home?*, que por suxestión do mesmo Papa editou a Comisión Bíblica, e no que se fai unha relectura das Escrituras sobre as relacións homosexuais, do divorcio, do adulterio, do celibato. Axudará a apagar lumes, a reavivalos? A ver.

Sen saír do Vaticano, hai que celebrar que o Papa co escrito *Vos estis lux mundi* (vós sodes a luz do mundo) acordase levantar o segredo pontificio sobre as denuncias, os procesos e as sentencias que fan referencia aos delitos de abusos sexuais a menores e a adultos vulnerables. Esa información deberá ser demandada á Santa Sede cando os procedementos estean vinculados á curia vaticana, e a cada bispo concreto, cando os procedementos dependan da curia diocesana. Tamén é importante outro cambio relativo á pornografía infantil. Ata agora entraban entre os delitos máis graves a adquisición, posesión e espallamento, con fins libidino-

sos, de imaxes pornográficas de menores de 14 anos; de agora en diante será de menores de 18 anos.

O pasado 27 de decembro tivo lugar en Santiago o segundo encontro pola galeguización da Igrexa galega, promovido por SEPT (Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos), sociedade laica, que tanto ten feito por ir normalizando o uso do galego en todas as nosas manifestacións relixiosas. Falouse longo de posibles tarefas a levar a cabo e nomeouse un equipo motor que vaia organizando encontros e traballos. Parece que pinta ben. Falta fai. Moita.

Tamén para o 18 de xaneiro os responsables galegos da Pastoral Penitenciaria organizan en Santiago unha Xornada interdiocesana de Pastoral Penitenciaria baixo o título «Ferramentas do Voluntariado de Pastoral Penitenciaria antes, durante e despois da prisión». Cóntase como poñente con María Yela García, psicóloga, delegada da Pastoral Penitenciaria de Madrid. Oxalá traia moito proveito aos homes e mulleres presas ás que de verdade vai dirixida esta Xornada.

E máis nada, amigas e amigos. Se vos queredes divertir algo, podedes ir ver *Los dos Papas* do brasileiro Fernando Meirelles. Aínda que igual a mesma risa nos dea que pensar. Sobre todo despois de recibir a noticia, cando xa esta crónica estaba rematada, de que Bieito XVI acaba de publicar en Francia xuntamente co cardeal Sarah un libro –o seu título en galego sería «Desde o máis fondo dos nosos corazóns»– cunha visión moi negativa da marcha da Igrexa e especialmente centrado na inconveniencia de ordenar como sacerdotes os «*virī probati*», coa idea, iso parece, de influír no papa Francisco cando supostamente está rematando a Exhortación Apostólica sobre o sínodo da Amazonía, na que todo o mundo espera que dea luz verde a ese tipo de ordenacións sacerdotais. O cardeal Sarah é un eclesiástico de fondas raíces espirituais, intelixente, pero moi conservador, que encabeza con outros soados cardeais, algún tamén español, unha maneira de ver e de construír a Igrexa moi distinta da do papa actual; é tamén escritor de libros que se venden coma rosquillas en medios eclesiásticos

conservadores. Sobre o proceso de edición do libro en cuestión están saíndo informacións contradictorias; parece que Sarah compartiu con J. Ratzinger as súas ideas e inqedanzas e empurrou ao nonaxenario papa emérito, xa con graves dificultades vitais en todas as ordes da súa vida, a saltarse unha vez máis a súa promesa de manterse en silencio para respectar e favorecer unha misión para a que

el se atopaba sen forzas. E iso aínda que Sarah mostre agora probas do acordo de J. Ratzinger para a edición do libro. Por detrás, unha vez máis, iso parece, un movemento de oposición ao papa Francisco, no que Sarah acaba sendo a un tempo causa e medio. Todo isto dará moito que falar. De todo isto falaremos. Apertas.

Manuel Regal Ledo